


Facultade de Filoxía e Tradución
Universidade de Vigo

Comisión de Calidade 21/09/2022



Acta da sesión extraordinaria da Comisión de Calidade da facultade de Filoloxía e Tradución, celebrada o día 21 de setembro na Sala de Xuntas da FFT do Campus Remoto da Universidade de Vigo.

Asistentes:

Presidencia

José Francisco Montero Reguera

Secretaría

María Seijas Montero

Sector profesorado

Inmaculada Báez Montero

María del Carmen Cabeza Pereiro (PDI)

Antonio Chas Aguión

Miguel Cuevas Alonso (PDI)

Rebeca Cristina López González

Lourdes Lorenzo García

Carmen Luna Sellés

Beatriz María Rodríguez Rodríguez (PDI)

Martín Urdiales Shaw

Enlace de igualdade

María del Carmen Cabeza Pereiro

Representante persoas tituladas

Alexia Dotras Bravo

PAS

Belén Otero Rey

Desculpan

Javier de Agustín Guijarro

Xosé Enrique Costas González

Óscar Ferreiro Vázquez

María Dolores González Álvarez

Rosalía Rodríguez Vázquez (PDI)

Non asisten

Fernando Ramallo Fernández

Marta Souto González (representante da sociedade)

Ábrese a sesión ás 13:15.

1. **Validación, se procede, das observacións e plan de melloras que propón a Facultade de Filoloxía e Tradución para dar resposta ao *Informe provisional de renovación da certificación de implantación do SGC do centro do 28 de xullo de 2022***

A vicedecana de calidade explica que o documento que se presenta para a súa validación foi realizado entre a Área de Calidade e o vicedecanato de calidade da FFT. Contén as observacións e comentarios que propón a FFT para dar resposta ao *Informe provisional de renovación da certificación de implantación do SGC do centro do 28 de xullo de 2022*. A Comisión de Avaliación da ACSUG para determinar que o SGC está correctamente implantado no centro baséase en seis directrices do programa FIDES-AUDIT. No informe á ACSUG inclúe unha serie de aspectos que deben ser obxecto de elaboración dun plan de accións de mellora só na Directriz 1, relativa á Política e obxectivos de calidade:

1. Deberíase definir o Programa de desenvolvemento estratéxico do centro, coas liñas estratéxicas do centro, obxectivos de calidade, e metas a alcanzar
2. Tamén se recomenda incorporar aos responsables para todas as accións de mellora propostas, algo que se fai nos informes das titulacións realizados polas coordinacións das titulacións, pero este apartado específico non existe na aplicación do SGC onde se rexistran as melloras de cada curso académico.
3. Seguir fomentando a participación dos distintos grupos de interese no desenvolvemento e mellora do SGC.
4. Debemos establecer un sistema de codificación das accións de mellora que as identifique correctamente.

Fan tamén algúns comentarios á Directriz 2: *Diseño, Revisión periódica e mellora dos programas formativos*, indicando as fortalezas detectadas. A facultade conta cos procedementos relacionados con esta directriz; tamén fan fincapé nos plans de mellora e a súa revisión que se inclúen anualmente no IRPD.

Por último, na Directriz 6 relativa a Información Pública indican que debemos revisar a última versión dos obxectivos e unha ligazón dun dos procedementos que non funcionaba na web. Estes erros foron corrixidos polo que non se propoñen accións de mellora neste apartado.

Polo tanto só se propoñen 4 accións de mellora relativas a Directriz 1:

- Desenvolver o *Programa Estratéxico* do centro.



- Seguir promovendo a participación do estudiantado nos órganos de goberno e decisión do centro.
- Establecer un sistema de codificación que identifique as accións de mellora.
- Trasladar á Área de Calidade da Uvigo a necesidade de mellorar na aplicación do SGC o formulario institucional establecido para a xestión das accións de mellora.

O decano pregunta á Comisión de Calidade se queren facer algunha observación. Non hai preguntas nin comentarios. Valídase por asentimento

Sen máis asuntos que tratar levántase a sesión ás 13:30.

Vigo, 21 de setembro de 2022

Visto e praxe do Decano

A secretaria (Vicedecana de calidade)



José F. Montero Reguera

María Seijas Montero

DILIXENCIA

Para facer constar que esta acta foi aprobada na Comisión de Calidade ordinaria do 19/12/2022

A/O Secretaria/o da Comisión de Calidade



María Seijas Montero